



Eu teño acordanzas ata de cando abriu a terra e xurdiu o canón do Sil!

Logo de lembrar tremores e furacáns, os Pelúdez cantan fados con Uxía e Narf

DEIXÁRONME ceibe ata as cinco do serán, hora na que tiña que facerme presente de corpo e alma pra pasar a retreta no patio do Seminario, onde os da Asociación **Antonio Gandoy** facían unha festa xogueteara para nenos menores de seis anos.

—Ti cantos tes? — pregunta o **Pelúdez** ao neto.

—Seis raspados — di a **Jarri-**
son.

—Que é iso de raspados? Que pasas os xaneiros invernado?

—Non, que cumpro en novembro.

—Caralludo! Logo pasa pra dentro, que che admiten.

Co pícaro entretido, os maiores falamos do que falan os maiores, parvadas.

—Xa ve ao **Pelúdez** — enceta a lería a **Filomena** —, onte, bieito; antonte, politeco; antantonete, beilerín. Está feito un poli falérmico de moito pendello.

—Será facético! — protesta el.

—Pois será; pero o certo é que sempre queres ser a noiva na

voda, o morto no enterro e o cocho no cocido.

—Que lle vou facer! Eu nascín pró denamismo! E ademais non é verídico todo canto dis, porque eu no cocido o que quero ser é o que está más achegado á bandexa.

—Ai o ten, sifior xornalista! Un lambón, un larpeiro e un lambu-

zás!

—E ti es más repititivo co **Ma-**
tías Prás facendo anuncios de seguros.

—Premíteme que insista...

—Non che digo?

Por aquilo de safr do bucle, animeinos a que forámos ao Círculo onde os Escritores fan falar das catástrofes naturais das súas lembranzas, unha suxestión que lles aca ben, porque como dixo o **Pelúdez**, «eu teño acordanzas ata

de cando abriu a terra e xurdiu o canón do Sil».

—Saxerao! — exclama a **Va-**
nesa.

—Está ben, do día seguinte admite o home cun sorriso nos bezos.

No Salón Rexio había moita



SEDE	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Redacción, Administración y Publicidad: Ribadeo, 5. 27002 LUGO. Apartado 5	Centralita: 982 298 100	982 298 102 - Publicidad: 982 298 101	982 298 102 - Publicidad: 982 298 101	redaccion@elprogreso.es
Centro Impresión O Ceao Delegación Ribeira Sacra - Monforte	Parcelas 24 y 25, calle A. 27003 Lugo.	982 209 267	982 404 254	monforte@elprogreso.es
Delegación Terra Chá - Vilalba	C/ Galicia, 8-10 2º I. 27400 Monforte	982 403 400	982 511 817	terracha@elprogreso.es
Delegación A Mariña - Burela	C/ Galicia, 34-36 Ent. I. 27800 Vilalba	982 511 516	982 585 956	burela@elprogreso.es
Delegación Sarria	Curros Enríquez, 2-4. 27880 Burela	982 585 911	982 532 051	
	Diego Pazos, 3. Ent. 27600 Sarria	982 530 203		



Olla o sol que vai nacendo... SANTY

xente coñecida coma o **Antonio Reigosa** e mais o **Isidro Novo**, que levaban o peso da organización; o **Antón Grande**, o **Mano Pardo Teixeiro**, **Ana Vila**, **Paco Nieto**, **Xerardo Pardo de Vera** e non sei cantantes máis.

Saudounos a todos e logo, facendo un aparte, bisbeoume na orella.

—Está ben, do día seguinte admite o home cun sorriso nos bezos.

—Deus dea boa tarde a todos. Viña eu matinando cando pasara máis medo. Se foi polo San Freián dos primeiros do XX, ou polo San Xoán de 1850...

—Sexa prudente — aconselleille.

Prencipia o acto, e logo de que fosen saíndo as primeiras teste-muñas dos tremores e furacáns, o home ergue o brazo e pide o uso da palabra, que lle foi concedida polo **Reigosa**.

—Deus dea boa tarde a todos. Viña eu matinando cando pasara máis medo. Se foi polo San Freián dos primeiros do XX, ou polo San Xoán de 1850...

Escóitante murmurios no Salón

como dicindo «o **Pelúdez** toleou. Non pode lembrar o 1850!», pero continúa.

—...aquelha tarde caeu unha sarabia de salpedrés tan enormísma que esnaquizou todos os cristais da cidade e tiveron que chamar aos vidreiros da Coruña pra repoñerlos. Pero polo San Xoán do 1850, en concreción o día 22, rachou o ceo da provincia un aerólito de lume que foi caer no concello de Proaza, non lonxe de Oviedo, producindo tremores e escurecementos. E de verdade non sei cando estiven máis acoillado. Ba proveito, amigüinos.

O presidente da mesa intervén pra agradecerlle os datos.

—Pois eu tampouco sei cando sería. Moitas grazas polas lembranzas, don **Pelúdez**.

—Viches? — comenta logo — Trátame co don polas canas.

Tamén estivemos na presentación do San Freián dos devaneiros, cos pasarrús dos **Cantareiros de As Regas**, no concerto de jazz-blues e no de **Uxía** e **Narf**, sen faltar dúas horas máis na verna bena dos **Tango** na Praza Maior. Unha xornada esgotadora.

Por certo, na praza de Santa María, tanto berrou o home dicindo que el tamén cantaba fados, que os cantistas quixeron subilo co fin de que amosara as súas habelencias.

—Subo, subo; pero ten que ser coa **Filomena**, porque eu só canto fados cando me enfado, e daquela soe ser con ela.

—O que sexa — di a **Uxía**. E aló que se poñen os catro:

—Olla o sol que vai nacendo... «Bravo, bravol», prémialles o público.

—Bieito, politeco, beilerín, memorístico e cantista! Quen dá más?

—O **Bertín Osborne** — contesta a **Filo** —, que tamén fai entrevistas e por riba está máis bo ca ti!

CORA